



PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE CATRO PRAZAS/POSTOS DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA OE 2025. (BOP núm. 238, do 16.10.2025)

1.- IDENTIFICACIÓN ASPIRANTES

A presidenta do Tribunal, en acto público celebrado o mércores 21 de xaneiro de 2026, procede á apertura pública do sobre que contén as tarxetas co número de control e a identificación das persoas participantes no proceso selectivo, resultando tal e como se sinala a continuación:

Nº CONTROL	APELIDOS E NOME
01	FERNÁNDEZ IRAVEDRA, RUBÉN
02	FERNÁNDEZ GÓMEZ, JOSE LUIS
03	RODRÍGUEZ MORÁN, ADRIÁN
04	VILARÍN GONZÁLEZ, JUAN CARLOS

2.- APERTURA DO PRAZO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

Rematada a fase de oposición e ao obxecto de realizar a fase de concurso, os aspirantes que a superaron deberán acreditar documentalmente os méritos, tal e como se sinala para cada un dos apartados do baremo que figura no Anexo I das bases xerais publicadas no BOP 238, do 16 de outubro de 2025.

2.1 .- Prazo de presentación

O prazo será de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, para incorporar as acreditacións que estimen oportunas ou emendar as que xa figuren na ficha formativa da entidade.

2.2 .- Procedemento para a acreditación de méritos (Base xeral 8.2.1)

O procedemento de acreditación de méritos levarase a cabo mediante a incorporación da seguinte documentación á súa solicitude de participación a través da Sede Electrónica:

- **Certificación de servizos prestados** na que constará a antigüidade, grao, nivel de complemento de destino e cualificacións da avaliación de desempeño:
Este certificado será posto á disposición da persoa aspirante na súa solicitude de participación (sede electrónica da Deputación de Lugo – cartafol cidadán), deberá

Este documento estará
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 27.01.2026
ata a día 16.02.2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

	IV7QGCJPHFVPKTNZ23WFCDSBCE	Fecha y Hora	27/01/2026 10:25:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGCJPHFVPKTNZ23WFCDSBCE	Página	1/2





descargalo, asinalo e incorporalo de novo á citada solicitude se está de acordo coa información facilitada.

- **Ficha formativa** dos méritos que figuran no seu expediente:

Poderase acceder á ficha formativa a través da Intranet da Deputación de Lugo (intralugo.deputacionlugo.org) - Empregado Público – Ficha formativa e incorporar as acreditacións que estimen oportunas que deberán contar con sinatura dixital ou código de verificación. No caso de non dispoñer de sinatura dixital nin de código de verificación, a persoa aspirante deberá presentar a documentación no Rexistro para a compulsa da mesma, e posteriormente incorporala na súa ficha formativa.

A continuación, deberá descargar a ficha en formato PDF, asinala e incorporala na solicitude de participación no procedemento selectivo.

Finalizado este período de acreditación de méritos, incorporárase de oficio por parte do Servizo de Recursos Humanos da Deputación de Lugo a ficha formativa definitiva e validada coa relación dos méritos acreditados.

O secretario do Tribunal,

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 27.01.2026
ata a día 16.03.2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

	IV7QGCJPHFVPKTNZ23WFCDSBCE	Fecha y Hora	27/01/2026 10:25:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ			
Uri de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGCJPHFVPKTNZ23WFCDSBCE		Página 2/2	